



**DOCUMENTO ADMINISTRATIVO POLO QUE SE FORMALIZA O “CONTRATO PRIVADO DE SERVICIOS ARTÍSTICOS DO ARTISTA MUSICAL “NIL MOLINER” O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2024 NA PRAZA DE ESPAÑA”.**

En Pontevedra ante o Secretario da Administración,

**COMPARECEN E INTERVEÑEN**

DUNHA PARTE: Dona Anabel Gulías Torreiro, como Concelleira de Goberno responsable da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, por delegación da súa Excelencia o Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2024, con DNI nº [REDACTED] en nome e representación do Concello de Pontevedra.

DOUTRA PARTE: Dona Raquel Seijo Enríquez, con DNI nº [REDACTED], en calidade de representante de SWEET NOCTURNA, SL, con NIF B-36998524, e domicilio a efectos de notificacións na rúa Magallanes, nº 3, 1º, 36203-Vigo.

Ámbolos dous comparecentes recoñécense mutua competencia e capacidade para o outorgamento do presente contrato de privado de servizos de interpretación artística que se menciona na cabeceira deste documento de formalización do contrato e para o efecto

**EXPOÑEN**

I

Por resolución da Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía acordouse o inicio do expediente de contratación do contrato anteriormente citado.

II

Por resolución da Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía acordouse aprobar o expediente de contratación anteriormente citado así como do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares.

III

Por resolución da Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, acordase adjudicar ao comparecente, na representación que ostenta, o contrato privado de interpretación artística nomeado anteriormente.

En base aos antecedentes expostos, as partes comparecentes proceden a outorgar o contrato contrato privado de interpretación artística de acordo coas seguintes:



## CLÁUSULAS

**Primeira.**-O Excmo. Concello de Pontevedra, por medio da Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, comparecente, contrata con Dona Raquel Seijo Enríquez en nome e representación da entidade SWEET NOCTURNA SL (NIF B-36998524) o contrato privado de interpretación artística de “CONTRATO PRIVADO DE SERVIZOS ARTÍSTICOS DO ARTISTA MUSICAL “NIL MOLINER” O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2024 NA PRAZA DE ESPAÑA”, de conformidade e con plena suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e a oferta presentada pola empresa adxudicataria.

**Segunda.**-O contratista comprométese e obrígase á execución do contrato privado de servizos mencionado polo importe de: Prezo sen IVE: 45.000,00 €, máis IVE: 9.450,00 €, sendo o total de: 54.450,00 €.

**Terceira.**-O prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares constitúen os documentos fundamentais do contrato, os cales o contratante, na representación que ostenta, declara coñecer e acepta.

**Cuarta.**-O prazo de realización do contrato será o determinado no prego de cláusulas administrativas particulares, o espectáculo indicado desenvolverase durante o día 14 de agosto de 2024, na Praza da Ferraría de Pontevedra a partires das 22:30 horas e será un espectáculo de carácter gratuíto.

**Quinta.**-Ámbalas partes obríganse ao exacto cumprimento do contrato conforme o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sexta.**-En todo o non previsto nas cláusulas deste contrato e pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, integrantes do mesmo, será de aplicación a normativa legal precisada no prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sétima.**-Lido o contido do precedente contrato polas partes intervenientes no acto de outorgamento, afirmanse e ratifican no mesmo, asinándoo electronicamente, e a un só efecto, de todo o cal, como Secretario da Administración, dou fe, entrando en vigor o contrato a partir da data da derradeira sinatura do mesmo.